

As ranciñas na nata

Había unha vez dúas ras que caeron nun recipiente de nata.

Inmediatamente, sentiron que afundían; era imposible nadar ou aboiar moito tempo nesa masa espesa coma areas movedizas. Ao principio, as dúas pataxaron na nata para chegar ao borde do recipiente, pero era inútil. Só conseguían chapuzar no mesmo lugar e afundirse. Sentiron que cada vez era más difícil saír á superficie a respirar. Unha delas dixo en voz alta:

- *Non puedo máis. É imposible saír de aquí, esta materia non é para nadar. Xa que vou morrer, non vexo para que vou prolongar esta dor. Non entendo que sentido ten morrer esgotada por un esforzo estéril.*

E dito isto, deixou de pataxar e afundiuse con rapidez, sendo literalmente tragada polo espeso líquido branco.

A outra ra, más persistente, ou quizais más testana, dixo:

- *Non hai maneira! Nada se pode facer para avanzar nesta cousa. Aínda así, xa que a morte me chega, prefiro loitar ata o meu derradeiro alento. Non quero morrer un segundo antes de que chegue a miña hora.*

E seguiu pataxando e chapuzando sempre no mesmo lugar, sen avanzar nin un centímetro. Horas e horas!

De repente... de tanto pataxar e axitar, axitar e pataxar... a nata transformouse en manteiga.

A ra, sorprendida, deu un chimpó, e patinando chegou ata o borde do pote. Dende alí, só lle quedaba ir croando alegremente de volta á casa.

Jorge Bucay (Adaptación de 1ºESO-A).